

O desexo da reescritura

A casa da paixón · Nélide Piñón · Galaxia, 2006

· 140 páx. · 14 euros · Ed brasileira: **A casa da**

paixão · Editora Record, 1972

Esta recensión xa estaba enforada cando unha charla nordestina a reduciu a cachotes. A versión 1.0 comezaba coa seguinte frase: “unha feroz campaña pro-tradución asola o panorama literario galego”, e baseábase na miña opinión de que traducir do portugués ao galego é unha mostra irrefutábel de papanatismo lingüístico. Alguén rebateu dialecticamente parte dos meus argumentos e achegoume algúns “datos fodóns” do mercado. Tras algo máis de reflexión, esta é pois a versión 2.0.

A editorial Galaxia traduce á escritora brasileira Nélide Piñón por segunda vez. A novela *A casa da paixón* (1972) ve a luz na norma galega de Marga do Val, como xa antes o fixera *A república dos sonhos* (1984) na de Carmen e María Dolores Torres París. As editoriais xeralistas galegas, con Galaxia á cabeza, veñen de subirse ao carro da tradución que, con mestría e orixinalidade, guía Rinoceronte Editora. Ao lado de clásicos “imprescindíbeis” e novidades internacionais, atópanse pequenas incongruencias coma esta de Nélide Piñón. Dende o punto de vista empresarial, seméllame pouco proveitoso investir na mudanza de norma.

Se ademais engadimos que a edición en galego está subvencionada, vexo os nosos cartos guindados ao lixo. Publicar en galego a Nélide Piñón non axuda a normalización de nada e mellor se aproveitaría investindo na tradución de produtos dirixidos á infancia e á mocidade, coma DVD's e videoxogos. Á fin de contas, que sentido ten modificar o sistema educativo para tentar formar cidadáns trilingües (e agora disque cuadrilingües), se ao mesmo tempo desaproveitamos a oportunidade de dominar a norma/lingua de máis de cento cincuenta millóns de falantes? Pero esta argumentación parte dun axioma falso: a inexistencia dun lector en galego non militante, ou sexa, nin galeguista nin lusitanista.

Na versión 1.0 embrullei as miñas ideas sobre planificación cultural institucional co libre mercado. Agora que descubrín que *A república dos sonhos* vai pola



segunda edición (*touché!*), hei de recoñecer que que eu, e moitos outros, non esteamos dispostos a ler en versión arromanceada galega, non quere dicir que aí fóra non haxa un mercado en galego para autores lusófonos consagrados. E o mundo editorial galego, pese á propaganda identitaria despregada, é un sector privado; e máis que debería ser! Igualmente é pena que Política Lingüística non organize unha Campaña Nacional de Alfabetización servíndose do concepto (aínda) revolucionario, pero ruín a nivel gráfico, da campaña “Aprende em 25 segundos a ler em português” da Mesa pola Normalización Lingüística e a Fundación Vía Galego presentada hai unhas semanas.

Pero Nélide Piñón é moito máis ca isto. Autora consagrada no campo brasileiro, non en van foi a primeira presidenta da Academia Brasileira das Letras, é unha lograda representante da literatura do corpo e do desexo. Esta *Casa da Paixão* de 1972 segue conservando a súa forza expresiva e conceptual para una lectora criada, por exemplo, con Henry Miller e as poetas galegas dos 90. Son abourantes a valentía e *savoir faire* con que Nélide Piñón aborda o tema do desexo feminino e o seu correlato masculino. A historia de Marta, seu pai, Antônio, e Jerônimo é unha viaxe cara á interioridade do “*cuerpo interrogante*”. O desexo afecta todas as áreas da nosa vida e todos os seres humanos con que coincidimos. A autora leva ás personaxes cara á beira do socialmente reprobábel a través do desexo incestuoso e homosexual, e afúndese nas súas necesidades e frustracións (“*porque el deseo es una pregunta cuya respuesta nadie sabe.*”). Domina a prosa un estilo altamente simbólico e lírico, cheo de alegorías paisaxísticas e unha cegadora enerxía solar.

// **María Liñeira**